

## **Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de A Illa de Arousa para a execución da actuación de saneamento "Mellora do sistema de saneamento no Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 60% do gasto elixible, no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027**

### **1. Antecedentes**

O Concello de A Illa de Arousa ten atribuídas competencias en materia de saneamento, con base na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que nos seus artigos 25.2 c) e 86.2 configura o saneamento e a depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuir á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia e a Comunidade Autónoma de Galicia.



## 2. Obxectivos que se pretenden

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de A Illa de Arousa que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras de saneamento consistentes na actuación “Mellora do sistema de saneamento no concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

## 3. Necesidade de colaboración, razón de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O ámbito territorial da colaboración atópase dentro do ámbito territorial denominado Sistema de Explotación Río Umia e Ría de Arousa (marxe esquerda) (Sistema Nº 4), de acordo co Plan Hidrolóxico Galicia-Costa. Nesta rexión, enfróntanse importantes presións ambientais debido a verteduras urbanas e industriais, así como á contaminación difusa. Para abordar esta problemática, redactouse o Plan de Saneamento Local da Ría de Arousa, marxa esquerda, concellos de Vilanova, Cambados e A Illa. No marco deste estudo identificáronse problemas como a intrusión de auga de mar, os alivios durante as choivas e a infiltración, e propuxéronse distintas solucións enfocadas a garantir un tratamento adecuado das augas residuais na rexión, contribuíndo así á protección do medio ambiente e ao desenvolvemento sostible da zona.

No ámbito deste convenio o obxectivo é executar un proxecto centrado na redución dos alivios á ría de Arousa, mediante a construción dunha rede de colectores de augas residuais e pluviais para transformar o sistema de saneamento existente nun sistema separativo. Estímase que a poboación que podería beneficiarse por esta actuación é de 5.458 habitantes.

Ante esta situación, as partes consideran necesario establecer una fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación que permitan mellorar o sistema de saneamento do concello de A Illa de Arousa e, polo tanto, mellorar a calidade das augas residuais e das condicións ambientais de esta zona.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

## 4. Estimación de custos e financiamento

O investimento total das actuacións obxecto deste convenio ascende a un millón trescentos dezasete mil cincocentos cincuenta e cinco euros con oitenta e catro céntimos (1.317.555,84 €), coa seguinte previsión inicial de anualidades de gasto:

Exercicio	Importe
2025	500,00
2026	200.242,15
2027	1.116.813,69
<b>Total</b>	<b>1.317.555,84</b>



Os gastos que se xeren en execución deste convenio terán o seguinte financiamento:

a) O concello achegará o 20% do custo total das actuacións obxecto deste convenio que ascende a douscentos sesenta e tres mil cincocentos once euros con dezasete céntimos (263.511,17 €).

b) Augas de Galicia achegará o 80% do custo total das actuacións obxecto deste convenio, que ascende a un millón cincuenta e catro mil corenta e catro euros con sesenta e sete céntimos (1.054.044,67€), distribuído entre as modalidades 1510 (gasto non elixible), 1020/1520 e 4140 (gasto elixible), tal e como se indica nos apartados c) e d) seguintes.

c) O gasto non elixible será a suma dos gastos en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), de taxa de dirección e inspección de obra e de taxa de dirección dos contratos de servizo en materia de augas e infraestruturas dos contratos e das actuacións de comunicación, e financiarase da seguinte forma:

Transferencia finalista do concello	263.511,17
FCA, canon de auga (1510)	2.156,20
<b>Total do gasto non elixible</b>	<b>265.667,37</b>

d) O gasto elixible, que supón un total de un millón cincuenta e un mil oitocentos oitenta e oito euros con corenta e sete céntimos (1.051.888,47€), será financiado pola Unión Europea e pola Xunta de Galicia mediante transferencia de capital da consellería á que estea adscrita Augas de Galicia, do seguinte xeito:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 nun 60%.

- Pola Xunta de Galicia nun 40%, de acordo co seguinte reparto:

EXERCICIO	MOD 1020/1520	MOD. 4140	ELIXIBLE
2025	-	-	-
2026	63.970,68	95.956,03	159.926,71
2027	356.784,70	535.177,06	891.961,76
<b>Total</b>	<b>420.755,38</b>	<b>631.133,09</b>	<b>1.051.888,47</b>

• Na modalidade 1020/1520 recóllese o importe cofinanciado pola Xunta de Galicia do gasto elixible.

• Na modalidade 4140 recóllese o importe cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

En todo caso, o concello asumirá o 20% do gasto definitivo derivado da execución dos contratos tramitados para a correcta execución das actuacións conveniadas (obra, asistencia técnica á dirección de obra, seguridade e saúde, e todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución e as actuacións de comunicación), incluídas as variacións económicas, á alza ou á baixa, orixinadas por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.



Na contabilidade de Augas de Galicia deberán diferenciarse as distintas modalidades de gasto para poder realizar un adecuado seguimento contable das fontes de financiamento do convenio.

Unha vez adjudicados todos os contratos necesarios para cumprir co obxecto deste convenio, Augas de Galicia poderá liberar o saldo non comprometido para a execución dos ditos contratos.

Durante a execución do gasto, Augas de Galicia contabilizará o gasto na conta financeira 230 investimentos xestionados para outros entes públicos. Unha vez se entregue a infraestrutura ao concello, a efectos da súa baixa no inventario de Augas de Galicia, trasladarase o gasto acumulado mediante asento contable á conta financeira 6556 transferencias de capital a corporacións locais.

Pola súa parte, o concello asume o compromiso económico de pagar douscentos sesenta e tres mil cincocentos once euros con dezasete céntimos (263.511,17€), de acordo co seguinte calendario de pagos:

Ano	Importe
2026	40.048,43
2027	111.731,37
2028	111.731,37
<b>TOTAL</b>	<b>263.511,17</b>

Para o financiamento deste convenio, o concello achega a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a disposición de crédito adecuado e suficiente. Unha vez asinado o convenio, e como requisito previo á licitación do contrato de obra, o concello achegará a Augas de Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D) que recolla a súa achega económica.

O concello realizará o pagamento das anualidades previstas no cadro do punto 1 no último trimestre de cada exercicio. No caso de impago, remitirase o importe íntegro da débeda ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ao concello lle corresponda no Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta, de conformidade co establecido nos artigos 62 e seguintes da Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Augas de Galicia comprométese, ao final de cada exercicio, a remitir ao concello a documentación xustificativa do gasto efectuado que incluírá as certificacións, os xustificantes de pagamento e o certificado do gasto non elixible executado.

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 60% do gasto elixible no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027. A actuación enmárcase dentro do Programa no Obxectivo Político 2 "Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible"; Prioridade 2A "Transición verde"; Obxectivo Específico 2.5.03 "Inversións en materia de saneamento e depuración necesarias para o cumprimento das Directivas en



materia de augas”, Liña de actuación TI0066 “Recollida e tratamento de augas residuais de acordo cos criterios de eficiencia enerxética”; Operación “Mellora do sistema de saneamento no concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)”. Polo que, se deberán observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón

